

Danzas Brancas de Prado da Canda



Imaxe de Francisco Doval, <https://www.facebook.com/francisco.rocha.315213>

No ano 2017 o Concello de Covelo outorga o III Galardón "Sintete Covelo" ás pasadas, presentes e futuras xeracións de membros do grupo de baile das Danzas Brancas de Prado da Canda en recoñecemento a súa destacada labor no ámbito histórico, folclórico e cultural, baseada na conservación e divulgación da danza popular mais representativa da parroquia de Prado da Canda e do Concello de Covelo.

As danzas brancas chámanse así porque, en moitas das súas modalidades, os danzadores e as danzadoras visten de branco. Son as chamadas danzas gremiais, que desde antes da Idade Media ata o de agora estaban vinculadas, en principio aos ritos da natureza, e despois a festividades da igrexa cristiá. E un fermoso espectáculo que sobreviviu ao longo das xeracións e que vale a pena disfrutar nas xa moi escasas representacións o longo do territorio galego.

Texto de Xosé Castillo Amigo. <https://www.facebook.com/josemanuel.castilloamigo>

Prado da Canda
O Covelo
5-6 de outubro 2019
Festividades na Honra da Benaventurada Virxe María do Rosario
"María, alegría contemplada"
5 de outubro
6 da tarde:
Rosario, Novena e Misa solemne
Procesión acompañada coas danzas en Honor da Virxe

6 de outubro
12,15 da mañá Misa Solemne e Procesión coas imaxes da Virxe do Rosario e Santo Domingo, acompañada coas danzas en honor da Virxe realizadas pola mocidade da parroquia e do grupo de gaiteiros "Os folieiros de Lavadores"
No remate da Procesión venerarase o relicario da enciñeira das aparicións da Virxe en Fátima- Portugal e dos Santos Francisco e Xacinta.

7 de outubro
12 da mañá Misa Solemne e Procesión
A Novena comeza o 27 de setembro

26 de outubro: XVII Peregrinación do Rosario
4 da tarde: Saída de A Lamosa ata a Franqueira.

Filmacion. Nelson Paramés Paramés
CNVNC A Lamosa-COVELO

<https://youtu.be/ONdyn4yZa08>

<https://youtu.be/p9fNpLsWrHA>

<https://youtu.be/g2t7nm2kpAM>